

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

26 de xullo de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8233.- ACTA ANTERIOR

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/GLVhgQK9o3e9TnxajCRkTKxiFHvVoIFcF5T4QhQdTAHLgR8S>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 28 de xuño.

a) Parte resolutiva:

2.8234.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE A GUARDA A FAVOR DA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES ÍNTEGRAS DE XESTIÓN, INSPECCIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE DIVERSOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO (EXPTES. 2024049351-2024024594)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/AU3Gr4vYYpLpdJYFqv8S8geKihOI1cvsMIvxDAT9IimdppoN>

O Pleno do Concello da Guarda na sesión que tivo lugar o día 14 de marzo de 2024, acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades íntegras de xestión, inspección, liquidación e recadación de diversos ingresos de dereito público, relacionados a continuación e nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente:

A) XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA:

- Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI).
- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).
- Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).
- Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.



- Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.
- Taxa pola prestación do servizo de sumidoiro.
- Taxa por entrada de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

B) INSPECCIÓN:

- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).
- Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).
- Liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e da taxa por licenza de obras, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva de cada un destes tributos.
- Liquidación provisional da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación derivada desta (tamén chamada a Taxa do 1,5%).
- Outras taxas municipais (taxa de lixo, rede de sumidoiros, auga, ocupación vía pública e vaos).

C) RECADACIÓN EXECUTIVA:

- Todos os ingresos de dereito público que se atopen pendente de cobro na Tesourería municipal.

D) MULTAS DE TRÁFICO:

- Instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico.

Así mesmo, tendo en conta que o literal acordado na antedita sesión plenaria non recolle a totalidade das competencias que son necesarias para a correcta xestión e recadación dos tributos deste municipio, polo que cómpre precisar o alcance das competencias delegadas, o Pleno do Concello da Guarda, na sesión que tivo lugar o día 2 de xullo de 2024, acordou a delegación na Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) das facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación de diversos ingresos de dereito público do Concello da Guarda relacionadas a continuación e a inclusión do dito concello no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do



Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra (BOE 28/12/2021), previa denuncia, neste caso, do Convenio vixente entre a Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello da Guarda, nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo dito concello a esta Deputación Pontevedra e que consta no expediente.

E) INCLUSIÓN DO CONCELLO DA GUARDA NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (BOE 28/12/2021) NO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

F) A RECADACIÓN EXECUTIVA DERIVADA DA XESTIÓN DOS TRIBUTOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DELEGADOS NO ORAL.

G) A RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN S DE TRÁFICO.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polos Servizos de Coordinación, Xestión Catastral e Tributaria do IBI, Xestión de Recursos Públicos, Inspección e Procedementos Sancionadores, Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Tesourería da Deputación Pontevedra - ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:



PRIMEIRO.- Aceptar a delegación efectuada polo Concello da Guarda das facultades íntegras de xestión, inspección, liquidación e recadación de diversos ingresos de dereito público relacionados a continuación, e segundo acordos do Pleno do citado concello adoptados nas sesións que tiveron lugar os días 14 de marzo de 2024 e 2 de xullo de 2024, quedando a execución das actuacións derivadas da dita delegación supeditada á achega de toda a información requirida por parte do Concello da Guarda:

A) XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA:

- Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI).
- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).
- Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).
- Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.
- Taxa pola prestación do servizo de sumidoiro.
- Taxa por entrada de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública.

B) INSPECCIÓN:

- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).
- Imposto sobre o Incremento de valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).
- Liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e da taxa por licenza de obras, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación definitiva de cada un destes tributos.
- Liquidación provisional da taxa pola utilización do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración, fundamentalmente de enerxía, que resulten de interese xeral, así como a emisión, recadación e revisión da liquidación derivada desta (tamén chamada a Taxa do 1,5%).
- Outras taxas municipais (taxa de lixo, rede de sumidoiros, auga, ocupación vía pública e vaos).

C) RECADACIÓN EXECUTIVA:



- Todos os ingresos de dereito público que se atopen pendente de cobro na Tesourería municipal.

D) MULTAS DE TRÁFICO:

- Instrución do procedemento sancionador por infraccións de tráfico.

E) INCLUSIÓN DO CONCELLO DA GUARDA NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (BOE 28/12/2021) NO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

F) A RECADACIÓN EXECUTIVA DERIVADA DA XESTIÓN DOS TRIBUTOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DELEGADOS NO ORAL.

G) A RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS SANCIÓN DE TRÁFICO.

SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

TERCEIRO.- Dar conta ao Concello da Guarda do contido íntegro deste acordo.

CUARTO.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.8235.- **APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE**



CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2024049143-2017040163)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/AU3Gr4vYYpLpdJYFqv8S8geKihOI1cvsMIvxDAT9IimdppoN>

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 29 de xuño de 2018 acordou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE

EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
UTE NAROM SL- AUDECA, S.L.U.	4.403.972,12 €

LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
UTE CIVIS GLOBAL, S.L.-ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	3.563.633,19 €

LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A.	3.557.476,23 €

Resultando.- Que os contratos formalizáronse nas seguintes datas: Lote 1, o 06/08/2018, Lotes 2 e 3 na data 08/08/2018, establecendo un prazo de duración de CATRO (4) ANOS.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou aprobar a segunda prórroga do contrato de “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” ata o 06/08/2024.



Resultando.- Que con data 03/04/2024 enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, (Expte. 2023001036), aparecendo publicado o día 5 de abril de 2024 (Anuncio de licitación OJ S 68/2024 199968-2024). Así mesmo, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3HDCWFOQ2BB136ND informe emitido pola directora de xestión do Servizo de Infraestruturas coa conformidade da Deputada Delegada desa área, no que se recolle o seguinte: “...Dentro da rede de estradas da Deputación de Pontevedra, existen 3 ámbitos de conservación, a efectos de xestión (norte, centro e sur) que á súa vez están organizados en 8 zonas de brigadas. Na actualidade a conservación ordinaria está sendo prestada mediante contrato de servizo 2017040163 (contrato que finaliza en 06/08/2024) mentres que a vialidade estase a prestar con medios propios en 4 zonas de brigada e mediante contrato de servizo 2020007920 (contrato que finaliza en 06/08/2024) nas restantes 4 zonas. Dentro do proceso de reestruturación do servizo de conservación de estradas, o seguinte paso é transformar estes contratos nun único contrato de conservación integral, labor que se está a facer na actualidade tendo impulsada unha nova prestación a través do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 2 de abril de 2024 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto deste último contrato. Mediante informe deste servizo de data 27/06/2024 que consta no expediente 2023001036 con CSV: RIFOABHMF PXZWTKN, ponse de manifesto ao órgano de Contratación a necesidade de modificar a financiación do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (2023001036), estimando a nova data de inicio da execución do mesmo con efectos 01/11/2024, xa que debido ó estado actual de tramitación do expediente, e sendo este un proceso complexo, considérase que os prazos de adxudicación do expediente van a demorarse máis do inicialmente previsto (01/09/2024). [...]. Tendo en conta o carácter esencial da prestación, para evitar que quede desatendida a conservación ordinaria das estradas provinciais así como o mantemento, a atención de incidencias e a prestación da vialidade invernal, atendendo ó establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación aludidos, proponse prorrogar os actuais contratos de “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (2017040163) e “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (2020007920) ata o 31/10/2024 ou, se sucede antes, ata que o novo contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN



INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”
(2023001036) poida iniciar a súa execución...”

Resultando.- Que o gasto da prórroga deste contrato distribúese da seguinte forma:

Período	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
07/08/2024 a 31/10/2024	257.490,31 €	208.357,59 €	207.997,61 €
TOTAL	673.845,51 €		

Resultando.- Que recolle tamén o informe en relación á financiación desta prórroga que xa se fixeron as correspondentes retencións de crédito para o novo contrato (2023001036), e considerando que os prazos de adjudicación deste expediente van a demorarse máis do inicialmente previsto (01/09/2024), propónse que unha vez realizada a modificación da financiación solicitada para este contrato, as cantidades das prórrogas dos contratos de servizo con expedientes 2017040163 e 2020007920 se financien con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.210.00, que unha vez liberados os respectivos importes da modificación correspondentes ás operacións contables reflexadas no seguinte cadro, as cales se atopan en fase A para a anualidade 2024 dos 3 lotes que compoñen o novo contrato, disporase de crédito adecuado e suficiente para afrontar o gasto das prórrogas.

Nº LOTE	Nº operación A	Aplicación Orzamentaria	Importe a liberar
1	202400078833	24/456.4530.210.00	580.000,37 €
2	202400078836	24/456.4530.210.00	542.228,15 €
3	202400078837	24/456.4530.210.00	497.443,16 €

Resultando.- Que actualmente estase a tramitar expediente de reaxuste do financiamento do contrato 2023001036 constando no mesmo con Código CSV: KVHC3TUXC1ZJJGPM, informe da xefa do Servizo de Fiscalización, que en relación ó reaxuste do financiamento deste contrato informando favorablemente a mesma, recollendo no citado informe que: “...Na aplicación orzamentaria do ano 2024 existe crédito autorizado no vixente orzamento provincial para os tres lotes que haberá que diminuír na parte correspondente ás dúas mensualidades e, respecto da anualidade 2025, 2026, 2027 e 2028, o gasto quedará condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos na referida aplicación orzamentaria...”



Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV) 38YD3I5D1GS2DPBG, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Consta no expediente informe do director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV) 3HDCWFOQ2BB136ND recollendo o seguinte: *“...Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo....”....*”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, (CSV) H09KQQZNZ0E4RNLA que recolle o seguinte: *“...infórmase favorablemente a proposta, condicionando a aprobación da prórroga, a que polo Pleno da Corporación se aprobe o reaxuste da financiación do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2023001036), e como consecuencia dese reaxuste se poida incorporar ás ampliacións orzamentarias correspondentes os importes que permitan incorporar a este expediente, certificado de existencia de crédito ou documento contable RC....”*

Considerando.- Que o artigo 29.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, recolle no seu parágrafo 5 o seguinte: *“...cando ó vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garante a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e exista razón de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se houbera*



publicado coa antelación mínima de tres meses respecto da finalización do contrato orixinario.

Considerando.- Que se trata dunha prórroga extraordinaria prevista no artigo 29.4 da LCSP debido a que ó vencemento deste contrato non se formalizou o novo contrato que garantice a continuidade da prestación a realizar polo contratista, xa que actualmente o expediente de contratación atópase en licitación, producíndose a apertura dos sobres “c” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, na Mesa de Contratación de data 27/06/2024. A licitación seguiría cos trámites propios recollidos nos artigos 149 e 150 da LCAP, relativos ás ofertas anormalmente baixas, con requirimento cun prazo de CINCO DÍAS HÁBILES para a xustificación das ofertas que se atopen neste suposto para posteriormente proceder ó seu estudo e clasificación. Aceptada a clasificación polo órgano de contratación, requirirase ó licitador que presentara a mellor oferta para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES presente a documentación xustificativa establecida no PCAP entre a que se atopa a acreditación dos medios que se comprometera a dedicar á execución do contrato, así como a constitución da garantía definitiva. Todos estes trámites, levaríanos a estimar que se elevaría ó órgano de contratación a proposta de adxudicación no mes de agosto, mes que habitualmente non se celebra o Pleno da Corporación, ó atoparse os seus membros de vacacións, polo que a proposta pasaría a levarse para a súa adxudicación no Pleno do mes de setembro, que se celebra o último venres do citado mes. Ó tratarse este dun procedemento cuxo acto de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación, non poderá formalizarse o contrato nos quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de adxudicación ós licitadores, período de tempo que transcorrería no mes de outubro. Facendo un cómputo máis ou menos aproximado, e tendo en conta as circunstancias e prazos propios da licitación, anteriormente mencionados queda xustificada a causa pola que este contrato non se iniciaría ata o día 01/11/2024, polo que procedería o reaxuste das cantidades da financiación...”

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interior, e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

1. Aprobar a prórroga do contrato “Servizo de conservación ordinaria da



rede viaria da Deputación de Pontevedra” dende o 06/08/2024 ata o 31/10/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA poida iniciar a súa execución.

A aprobación desta prórroga queda condicionada a que polo Pleno da Corporación se aprobe o reaxuste da financiación do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2023001036), e como consecuencia dese reaxuste se poida incorporar ás ampliacións orzamentarias correspondentes, os importes que permitan incorporar a este expediente, certificado de existencia de crédito ou documento contable RC.

2. No caso de que se aprobe polo Pleno da Corporación o reaxuste da financiación do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2023001036), e na súa consecuencia se incorpore a este expediente certificado de existencia de crédito ou documento contable RC, na aplicación orzamentaria correspondente, autorizar o gasto por importe de 673.845,51 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

Período	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
07/08/2024 a 31/10/2024	257.490,31 €	208.357,59 €	207.997,61 €
TOTAL	673.845,51 €		

4.8236.- **APROBACIÓN DE REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2024049145-2024018619-2023001036)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/OI3rqGf13cqpNfiHaaPBBBZAMxmiUGqqiXxRZo7E9XOvoCc1>

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 2 de abril de 2024 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento



aberto do contrato de “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 38.872.120,58 € IVE incluído.

Resultando.- Que no mesmo acto acordouse aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o CSV: P87R9K1A6UEL84R2.

Resultando.- Que o prego de cláusulas económico administrativas aprobado, recolle na súa cláusula 4, que o financiamento deste contrato, queda da seguinte maneira:

Anualidade	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Importe total (IVE incluído)
2024	1.160.000,75 €	1.084.456,31 €	994.886,32 €	3.239.343,38 €
2025	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,15 €
2026	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,15 €
2027	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,15 €
2028	2.320.001,50 €	2.168.912,61 €	1.989.772,65 €	6.478.686,77 €
TOTAL	13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,90 €	38.872.120,59 €

Resultando.- Que esta financiación foi calculada estimando como data de inicio da execución deste contrato 01/09/2024, quedando as cantidades relativas ós anos 2025, 2026, 2027 e 2028 condicionadas á aprobación dos orzamentos dos respectivos anos e á existencia de crédito nas partidas correspondentes.

Resultando.- Que mediante informe que consta no expediente con CSV: RIFOABHMFpxZwTKN, a xefa de xestión do Servizo de Infraestruturas coa conformidade da Deputada Delegada desa área, pon de manifesto que, debido ó estado actual de tramitación do expediente, e sendo este un proceso complexo, e considerando que os prazos de adxudicación do expediente van a demorarse máis do inicialmente previsto (01/09/2024), propónse unha modificación da financiación do contrato estimando a nova dada de inicio da execución o 01/11/2024.

Resultando.- Que recolle o mesmo informe que a nova financiación proposta, e calculando a mesma estimando que a data de inicio deste contrato sexa o 01/11/2024, quedaría da seguinte forma:



Añalidade	Aplicación orzamentaria	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	Importe total (IVE incluído)
2024	456.4530.210.00	580.000,38 €	542.228,16 €	497.443,16 €	1.619.671,70 €
2025	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2026	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2027	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2028	456.4530.210.00	2.900.001,87 €	2.711.140,76 €	2.487.215,81 €	8.098.358,44 €
TOTAL:		13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,88 €	38.872.120,56 €

Resultando.- Que consta no expediente informe do xefe de Servizo de Contratación no que se recolle o seguinte: “...Actualmente o expediente de contratación atópase en licitación, producíndose a apertura dos sobres “c” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, na Mesa de Contratación de data 27/06/2024. A licitación seguiría cos trámites propios recollidos nos artigos 149 e 150 da LCAP, relativos ás ofertas anormalmente baixas, con requirimento cun prazo de CINCO DÍAS HÁBILES para a xustificación das ofertas que se atopen neste suposto para posteriormente proceder ó seu estudo e clasificación. Aceptada a clasificación polo órgano de contratación, requirirase ó licitador que presentara a mellor oferta para que no prazo de DEZ DÍA HÁBILES presente a documentación xustificativa establecida no PCAP entre a que se atopa a acreditación dos medios que se comprometera a dedicar á execución do contrato, así como a constitución da garantía definitiva. Todos estes trámites, levaríanos a estimar que se elevaría ó órgano de contratación a proposta de adxudicación no mes de agosto, mes que habitualmente non se celebra o Pleno da Corporación, ó atoparse os seus membros de vacacións, polo que a proposta pasaría a levarse para a súa adxudicación no Pleno do mes de setembro, que se celebra o último venres do citado mes. Ó tratarse este dun procedemento cuxo acto de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación, non poderá formalizarse o contrato nos quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de adxudicación ós licitadores, período de tempo que transcorrería no mes de outubro. Facendo un cómputo máis ou menos aproximado, e tendo en conta as circunstancias e prazos propios da licitación, anteriormente mencionados queda xustificada a causa pola que este contrato non se iniciaría ata o día 01/11/2024, polo que procedería o reaxuste das cantidades da financiación...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KVHC3TUXC1ZJJGPM informe da xefa do Servizo de Fiscalización no que se recolle o seguinte: “...procede reaxustar o financiamento do contrato proponéndose a distribución orzamentaria anual seguinte:



Anualidade	Aplicación orzamentaria	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	Importe total (IVE incluído)
2024	456.4530.210.00	580.000,38 €	542.228,16 €	497.443,16 €	1.619.671,70 €
2025	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2026	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2027	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2028	456.4530.210.00	2.900.001,87 €	2.711.140,76 €	2.487.215,81 €	8.098.358,44 €
TOTAL:		13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,88 €	38.872.120,56 €

Na aplicación orzamentaria do ano 2024 existe crédito autorizado no vixente orzamento provincial para os tres lotes que haberá que diminuír na parte correspondente ás dúas mensuralidades e, respecto da anualidade 2025, 2026, 2027 e 2028, o gasto quedará condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos na referida aplicación orzamentaria.. O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, por ser o órgano que aprobou o expediente no seu día. CONCLUSIÓN Por todo o exposto, infórmase favorablemente a proposta, debendo terse en conta o sinalado para as anualidades futuras...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Reaxustar o financiamento dos importes do contrato “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, co fin de adaptalo á nova data prevista de inicio da súa execución, quedando da seguinte maneira:



Anualidade	Aplicación orzamentaria	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	Importe total (IVE incluído)
2024	456.4530.210.00	580.000,38 €	542.228,16 €	497.443,16 €	1.619.671,70 €
2025	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2026	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2027	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2028	456.4530.210.00	2.900.001,87 €	2.711.140,76 €	2.487.215,81 €	8.098.358,44 €
TOTAL:		13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,88 €	38.872.120,56 €

As cantidades relativas ós anos 2025, 2026, 2027 e 2028 quedan condicionadas á aprobación dos orzamentos dos respectivos anos e á existencia de crédito nas partidas correspondentes.

5.8237.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2024 (EXPTES. 2024049146-2024048615)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Cb6nATOj9uNc1ZNlpOQZWzRFgnRIjlpjY26HcUfEEJRv9yh>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, modificadas por outra de 6 de maio de 2024 (RP2024003709), propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2024. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/24), por importe de 4.734.716,71 euros, suplementos de créditos (SUP.03/24), por importe de 4.775.532,42 euros e modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 03/24), fináncianse unha parte con “Baixas por anulación” por importe de 134.716,71 euros, con cargo ó programa



“Danos por Inundacións”, correspondentes aos proxectos de reinvestimentos dos Concellos de Mondariz-Balneario, Oia, Salceda de Caselas e Tui, e a parte correspondente á adquisición de inmobles, con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, pola cantidade de 4.600.000,00 euros.

- Os suplementos de créditos (SUP. 03/24), fináncianse con “Baixas por anulación” por un importe total de 4.768.532,42 euros, destinando 21.000,00 euros a subvencións a empresas culturais e 4.747.532,42 euros a convenios de investimentos nos Concellos de Vigo e Pontevedra, con cargo a sobrantes ou baixas correspondentes a actuacións de convenios de exercicios anteriores; e o resto 7.000,00 euros, con maiores ingresos sobre o orzamento inicial recibidos da AGE compensando a “liquidación negativa” pendente de 2020.

Resultando que a Intervención emite informe de data 16 de xullo de 2024, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2024.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 03/2024 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/24) por importe de 4.734.716,71 euros e suplementos de créditos



(SUP.03/24) por importe de 4.775.532,42 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 03/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
922-9330-622.00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS_ CONTRATACIÓN (Adquisición parte inmoble : "Teatro Cine Fraga" en Vigo)	4.600.000,00 €
942-9420-762,32	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO CON MONDARIZ - BALNEARIO_COOPERACIÓN (Reconstrución parcial de muro de contención no cauce do río Xabriña)	69.583,67 €
942-9420-762,39	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO CON OIA _COOPERACIÓN (Recuperación e consolidación de muro de contención de camiño en Oia - Cabreiriza)	17.146,85 €
942-9420-762,50	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO CON SALCEDA DE CASELAS_COOPERACIÓN (Proxecto de actuación en Cerquido)	28.781,27 €
942-9420-762,56	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO CON TUI _COOPERACIÓN (Paso sobre el regato Cotarel, Río Trepes, en Pazos de Reis)	19.204,92 €
	Total Créditos Extraordinarios...	4.734.716,71 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 03/24:

A) Os proxectos de reinvestimentos dos Concellos de Mondariz-Balneario, Oia, Salceda de Caselas e Tui, fináncianse con baixas por anulación con cargo o programa “Danos por Inundacións” na parte correspondente aos sobrantes ou baixas na execución de investimentos dos Concellos sinalados, co seguinte detalle:

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9428-762,97/2023	A CONCELLOS, PROGRAMA EMERX. INUNDACIÓNS_ INVESTIMENTOS	-134.716,71 €
	Total Baixas por Anulacións...	-134.716,71 €



B) A parte correspondente a adquisición de inmuebles, con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	4.600.000,00 €
	Total Ingresos...	4.600.000,00 €

2. Suplementos de Crédito “SUP. 03/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAI S - CULTURA	21.000,00 €
433-4320-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA -TURISMO (Patrocinio Feira Peregrina).	7.000,00 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA -COOPERACIÓN (Conv. Concello de Pontevedra novas actuacións)	499.998,86 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA -COOPERACIÓN (Conv. Concello de Vigo: RAMPAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA: 1.918.713,53€; VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA: 759.325,29€; HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR: 1.569.494,74€)	4.247.533,56 €
	Total Suplementos de Créditos...	4.775.532,42 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 03/24:

A) As subvencións a empresas culturais fináncianse con baixas da aplicación 24/330-3340-226,09 GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES – CULTURA. Os convenios de investimentos nos Concellos de Vigo e Pontevedra, fináncianse con sobrantes ou baixas correspondentes a actuacións de convenios de exercicios anteriores que a continuación se citan.

Contabilizándose as seguintes operacións:



BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3340-226,09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES - CULTURA	-21.000,00 €
942-9420-762,14/2021	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA -COOPERACIÓN (Conv. Concello de Pontevedra: ACOND. PARCELA VÍA FÉRREA NA RÚA 12 DE NOVEMBRO)	-499.998,86 €
942-9420-762,14/2021	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA -COOPERACIÓN (Conv. Concello de Vigo: PLAN DE MELLORA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE CIDADE DE VIGO 2021/2023)	-345.389,53 €
942-9420-762,14/2022	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIO _VIGO-PONTEVEDRA -COOPERACIÓN (Conv. Concello de Vigo: PLAN DE MELLORA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE CIDADE DE VIGO 2021/2023)	-3.902.144,03 €
	Total Baixas por Anulacións...	-4.768.532,42 €

B) O resto do Suplemento de Crédito finánciase con maiores ingresos sobre o orzamento inicial recibidos da AGE compensando a “ liquidación negativa” pendente de 2020.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,90	<i>TRANSFERENCIAS AGE, COMPENSACIÓN LIQUIDACIÓN NEGATIVA 2020, (Maiores ingresos sobre as previsións do orzamento inicial)</i>	7.000,00 €
	TOTAL...	7.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	4.775.532,42 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	4.734.716,71 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-4.903.249,13 €
SUMA...	4.607.000,00 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	-14.000,00 €



Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	21.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	4.600.000,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	4.607.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	4.607.000,00 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

330- CULTURA

APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAIS	55.000,00 €	
44085605.X	VÍCTOR JOSÉ MÉNDEZ SANGUOS	10.500,00 €	Produción mini serie Narcos Gallegos 2
B-15547235	NORDESIA PRODUCCIONES, S.L.	10.500,00 €	GALICIA CLARINET FEST

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 03/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/24), por importe de 4.734.716,71 euros e suplementos de créditos (SUP.03/24) por importe de 4.775.532,42 euros máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 03/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

6.8238.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO (EXPTES. 2024049147-2024031956-2024028611)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/yZDwIUC6j8Wy9IejXAF26z6T1dZCR2qpw2v1EQQs980zg7h3>

Visto o escrito presentado, no período de información pública, por D. Jerónimo Fernández Vicente, en representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios na Provincia de Pontevedra, con data de rexistro de entrada 12/06/2024, n.º 2024-E-RE-139, de reclamación/alegación ao expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión de data 31-05-2024, que vén motivado en que, a composición da Mesa Xeral de Negociación do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, constituída con data 5 de abril de 2024, non será válida ata que se inclúa o sindicato CSIF dado que ostenta a condición de sindicato representativo no ámbito das Administracións Públicas; á vez que solicita que se volva a convocar a Mesa Xeral de Negociación para proceder a unha nova constitución.

Considerando que, a pretensión solicitada por D. Jerónimo Fernández Vicente, en representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios na Provincia de Pontevedra, no devandito escrito de reclamación foi estimada, mediante a Resolución da Presidencia de data 05/07/2024, n.º 2024/0109 e a subsanación da constitución e composición da



Mesa Xeral de Negociación do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, prevista no artigo 36.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na reunión de data 12 de xullo de 2024, coa inclusión na representación sindical da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) e a súa conformidade ao expediente de modificación do cadro de persoal.

Á vista do que antecede e do informe-proposta emitido pola Secretaria-Interventora do Consorcio, así como co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

1º.- Desestimar a reclamación/alegación, presentada por D. Jerónimo Fernández Vicente, en representación da Central Sindical Independente e de Funcionarios na Provincia de Pontevedra, no seu escrito data de rexistro de entrada 12/06/2024, nº 2024-E-RE-139, por canto que a pretensión contida no mesmo xa foi estimada, mediante a Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 05/07/2024, nº 2024/0109 e a subsanación da constitución e composición da Mesa Xeral de Negociación, na reunión de data 12-07,2024, coa inclusión na representación sindical da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) e a toma de coñecemento e conformidade ao devandito asunto.

2º.- Aprobar con carácter definitivo a modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, coa introdución dos seguintes cambios:

- 1.-Amortizar a praza de Técnico de Administración Xeral existente no Cadro de Persoal e a creación dunha praza de Técnico en Relacións Laborais, clase superior.
- 2.-Modificar a modalidade do exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, adoptando a recollida na letra b) do punto 1 do artigo 17 dos Estatutos deste Consorcio, a través do persoal funcionario de habilitación de



carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 e adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 3.-Modificación do Cadro de Persoal laboral, aprobado conxuntamente co Orzamento correspondente ao exercicio 2024, polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urxente, de data 3 de novembro de 2023, quedando como segue:

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSONAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL /CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
1		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría- Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
1.1		SUBESCALA SECRETARIA- INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A- INTERVENTOR/A	1	
2		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
2.1		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
2.2		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	
		COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE ANUAL	DE



TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	14.261,07	6.111,88
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.486,96	4.065,84

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do RD 1382 de 1 de agosto)

N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓNS ANUAIS 2023
1	XERENTE	38.566,40

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo
CADRO DE PERSOAL LABORAL DERIVADOS DA INTERNALIZACIÓN DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS 2021.

DENOMINACION	N.º DE POSTOS SUBROGADOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	50

DOS CALES:
PERSOAL LABORAL FIXO POR SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3 (1)
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20 (2)
BOMBEIRO-CONDUTOR	49 (3)

(1) Un xefe de parque en situación de excedencia forzosa con reserva de posto.

(2) Un xefe de quenda está a desenvolver as funcións de xefe de Parque en O Porriño en substitución do xefe de parque excedente.

(3) Un bombeiro condutor está a desenvolver as funcións de xefe de quenda en O Porriño en substitución do xefe de quenda que se atopa en substitución do xefe de parque.

PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS VACANTES
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1



APARTADO 3º: Persoal laboral temporal

PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET

DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

3º.- De acordo co disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1896, do 18 e abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, publicar a devandita modificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

7.8239.- **APROBACIÓN DA “ADDENDA Nº 2 PARA A ADECUACIÓN FINANCEIRA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” (EXPTE. 2021044958)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/iyGIvvjZMZENVQjkKqGpqGAQgVtLQ6GC2XZjm3nit8jfuE5>

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. En data 25/10/2021 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E A MELLORA DA



CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” para o financiamento das distintas actuacións que se recollen na seguinte táboa:

INVESTIMENTOS	ORZAMENTO
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €
3. VIGO VERTICAL – TRAVESÍA DE VIGO – ARAGÓN	930.252,10 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	1.240.336,13 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VIAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €
TOTAL	15.795.204,71 €

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométiase a achegar a contía de 10.783.752,48€, con cargo á aplicación orzamentaria 942.9420.762.14 das anualidades 2021, 2022 e 2023, e o Concello de Vigo obrigábase a achegar ate un máximo de 5.011.452,23€ con cargo ás anualidades 2021, 2022 e 2023 do seu orzamento.

Os investimentos deberían executarse e finalizarse na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

SEGUNDO. En data 28/06/2023, ao aumentar o orzamento das actuacións do convenio ata a cantidade de 15.799.507,74€, ambas administracións asinan unha addenda ao convenio para a adecuación financeira do novo orzamento, de conformidade coa seguinte táboa:



	Orzamento inicial	Variación	Novo orzamento
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €		1.265.055,00 €
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €	930.252,10 €	2.273.949,58 €
3. VIGO VERTICAL – TRAVESÍA DE VIGO – ARAGÓN	930.252,10 €	- 930.252,10 €	0,00 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	1.240.336,13 €		1.240.336,13 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €	- 2.200.000,00 €	2.356.728,11 €
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €		1.447.058,82 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €		1.550.420,17 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €	2.200.000,00 €	5.300.000,00 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €	4.303,03 €	365.959,93 €
TOTAL	15.795.204,71 €	4.303,03 €	15.799.507,74 €

O Concello de Vigo asume o incremento do orzamento (4.303,03€) aumentando o seu compromiso de financiamento ata o importe de 5.015.755,26€, distribuído nas anualidades 2021, 2022, 2023 e 2024.

Así mesmo, nesta addenda prorrógase o prazo de vixencia do convenio ata o 31/12/2024.

TERCEIRO. O pacto décimo do convenio prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento e Control que terá por obxecto o seguimento e



coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

Á vista do anterior, esta Comisión reúnese os días 12/04/2024, 11/06/2024 e 09/07/2024 co fin de buscar unha solución para que non se perda todo o financiamento do convenio pois hai tres obras non iniciadas e que non poderán xustificarse nos prazos previstos polo que se acorda minorar do convenio actual os orzamentos das tres actuacións para dispoñer de financiamento e facer tres novos convenios independentes para as seguintes actuacións:

- “VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA”.
- “HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR”.
- “VIGO VERTICAL – IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS: RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO / TARRAGONA” en substitución da actuación inicial “VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE”.

CUARTO. O día 15/07/2024 o Concello de Vigo presenta na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024011553) un informe sobre o ámbito de execución das actuacións co obxecto de adecuar as propostas dos novos convenios no marco económico do actual convenio.

Posteriormente, o día 16/07/2024 o Concello presenta na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024011591) un escrito de conformidade a unha proposta realizada pola Deputación para contar con máis financiamento para as tres actuacións citadas anteriormente, polo que agora debe minorarse do actual convenio a cantidade de 6.245.866,88€ ata o importe de 9.553.640,86€ ao descontarse os orzamentos de tres actuacións non realizadas, así como o importe das baixas doutras actuacións do convenio, segundo a seguinte táboa:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
2. VIGO VERTICAL – JR JIMÉNEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE	730.252,10 €	1.543.697,48 €	2.273.949,58 €
4. VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA	420.336,13 €	820.000,00 €	1.240.336,13 €



TORRECEDEIRA			
6. HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	447.058,82 €	1.000.000,00 €	1.447.058,82 €
BAIXAS DOUTRAS ACTUACIÓNS DO CONVENIO	400.686,27 €	883.836,08 €	1.284.522,35 €
TOTAL	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €	6.245.866,88 €

As actuacións obxecto de futuros convenios son as seguintes:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
VIGO VERTICAL – IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS: RÚAS ÁLVARO CUNQUEIRO / TARRAGONA	907.495,82 €	1.918.713,53 €	2.826.209,35 €
VIGO VERTICAL – J. BENAVENTE - TORRECEDEIRA. FASE MARQUÉS DE VALTERRA TORRECEDEIRA	389.232,42 €	759.325,29 €	1.148.557,71 €
HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	701.605,08 €	1.569.494,74 €	2.271.099,82 €
TOTAL	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €	6.245.866,88 €

QUINTO. O número de actuacións obxecto do convenio, conforme á addenda de data 28/06/2023, agora redúcese a cinco e o seu cadro de financiamento modifícase de acordo coa seguinte táboa ao terse en conta a previsión de execución dos investimentos na data 31/12/2024:

	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN	
1. HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	467.373,31 €	607.647,90 €	1.075.021,21 €
5. RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	623.733,89 €	1.154.333,38 €	1.778.067,27 €
7. HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	374.634,37 €	786.114,79 €	1.160.749,16 €
8. PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	1.472.080,68 €	3.747.459,48 €	5.219.540,16 €
9. CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	79.599,69 €	240.663,37 €	320.263,06 €
TOTAL	3.017.421,94 €	6.536.218,92 €	9.553.640,86 €



SEXTO. O interese xeral e a conveniencia de asinarse a segunda addenda reflíctese ante a imposibilidade de realización en prazo de distintas actuacións e posibilitar así a futura realización de novos investimentos e, así mesmo, a súa sinatura non supoñe ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que foron determinados na tramitación do convenio.

SÉTIMO. Na data 16/07/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de segunda addenda e a Intervención provincial emite dilixencia de fiscalizado e conforme de dita proposta. Non obstante, no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute os investimentos subvencionados mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

OITAVO. En data 19/07/2024 sométese a segunda addenda ao citado convenio ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o “Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na Praia de Samil e a mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat” e a súa correspondente addenda.

Consideracións xurídicas

Competencia

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 48.5. da LRXSP, que dispón que os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia del convenio. En consonancia con anterior o artigo 49.d) dispón entre o contido mínimo dos convenios, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte e a súa distribución temporal por anualidades.
- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos. A estes efectos, o pacto décimo do convenio prevé unha Comisión de Seguimento, na que se deu conta do estado de execución do convenio e propón a aprobación dunha addenda para adecuar os compromisos financeiros e a ampliación do prazo de vixencia.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ó respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.

Competencia para resolver

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ao Pleno a autorización e disposición do gasto.



CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación vixente, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura da Addenda nº 2 ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na Praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat, para unha nova adecuación financeira dos investimentos.

Á vista do exposto e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, da Intervención Provincial e do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

– Aprobar a Addenda nº 2 para a adecuación financeira do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na Praia de Samil e mellora da cubrición do Patio no Colexio CEIP Javier Sensat.

O texto da addenda figura co CSV: CYUVLST2R2SF0SWP.

Toda vez que non consta a aprobación do texto da segunda addenda polo Concello de Vigo, a súa sinatura condiciónase á aprobación desta polo órgano competente municipal.

Así mesmo, no caso de que o concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciarase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao concello.



– Facultar ao Presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.

– Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

8.8240.- **MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DO “DEZA, TABELIRÓS, TERRA DE MONTES: OS CAMIÑOS POR DENTRO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EXPTE. 2021045415)**

Acesso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/fHti5JDrY64ignYINW10F3SE6Zkiko4DBIPCbY74b3NYLwNY>

Visto o informe de 16 de xuño de 2022 da Xefa do Servizo de Turismo, conformada pola Deputada delegada de Turismo, sobre a aceptación da subvención e xeración do crédito necesario para a execución do “PROXECTO 92210004 – DEZA TABELIRÓS, TERRA DE MONTES: OS CAMIÑOS POR DENTRO” P PANCA V_COMPOÑENTE 14) NEXT GENERATION UE, MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO”, e con (CSV):YZVJY1CPICBQRE00.

Resultando que consta no expediente dilixencia do servizo Intervención de data 16 de xullo de 2024 no que sinala que a ampliación de prazo que se recolle no Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sostibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ata o 31/10/2025, non implica ningunha modificación económica-orzamentaria, non está suxeito a fiscalización previa, tal como o recolle o artigo 8.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Considerando que, en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento



de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o asunto deberá ser sometido a ditame da Comisión Informativa previamente á adopción do acordo polo Pleno da corporación.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Aprobar a modificación do acordo do pleno do 29 de xullo de 2022 en canto ó prazo de execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino do “Deza, Tabeirós, Terra de Montes: os camiños por dentro” tendo en conta que en dito acordo se prevía para a súa execución o 31 de decembro de 2024, modificándose o mesmo ó 31 de outubro de 2025.

9.8241.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA VOLVER A RECLAMAR DA DEPUTACIÓN SOLIDARIEDADE PARA ACOLLER MENORES INMIGRANTES E ALIVIAR A SITUACIÓN QUE SE ESTÁ A PRODUCIR EN CANARIAS (EXPTE. 2024049647)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/PSduAHJ72NdaS1bp5q3GiMCuu7ymhxFIDyvQDaEZN7H3Yy5i>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para volver a reclamar da Deputación solidariedade para acoller menores inmigrantes e aliviar a situación que se está a producir en Canarias.

10.8242.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) RELATIVA AO MANTEMENTO E BONIFICACIÓN DO CANON IMPOSTO AOS CONCELLOS GALEGOS ADSCRITOS A SOGAMA (EXPTE. 2024049660)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/sgyU9SKL0qRLP6S5d9N1OMQgCgM8MooQfAG0Ku5SEXizmHp2>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) relativa ao mantemento e bonificación do canon imposto aos concellos galegos adscritos a Sogama.

11.8243.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) SOBRE A NECESIDADE DE CONVERTER AO TEATRO CINE FRAGA NUN ESPAZO CULTURAL PÚBLICO NA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 2024049686)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/VJ4nYFZtEX2y2PpC88g5KUH1Vhb2yfxKrxmP8ClJNrI9pmWI>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) sobre a necesidade de converter ao Teatro Cine Fraga nun espazo cultural público na cidade de Vigo.

12.8244.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Y4iNijybIaCSQxV2ZDa5vU6oBUVKyysRII7O5ixIo26IDfcR>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

13.8245.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2024 (EXPTES. 2024049148 – 2024046507)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/VhVMuFUXHQ1c0xXJ4clcU3hTzfaBaSctk1t2Ge2fHFG9iaKJ>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xuño de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 8 de xullo de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xuño de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XUÑO 2024

Entidade	Mes	Ratio	Importe	Ratio	Importe	Período Medio de
----------	-----	-------	---------	-------	---------	------------------



		Operacións Pagadas	Pagos Realizados	Operacións Pendentes	Pagos Pendentes	Pago
Deputación de Pontevedra	Xuño	7,4012427533	3.352.182,66	9,3359778774	2.055.334,76	8,1366131725
Escola de Enfermería	Xuño	0,0000000000	0,00	23,2455108320	2.362,91	23,2455108320
Consortio de Incendios e Salvamento	Xuño	12,3300255278	32.811,28	22,1856951239	253,48	12,4055807452
Consortio Deza e Tabeirós	Xuño	10,3773680000	19.773,72	12,4383104000	2.315,87	10,5934369572
TOTAL			3.404.767,66		2.060.267,02	8,1789045022

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

14.8246.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 2º TRIMESTRE DE 2024 DOS PRAZOS DE PAGO DE**



**OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI
3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE
ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A
MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS
(EXPTES. 2024049149-2024047915)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/II6DhEo4eVenPCTfQHOephxmCf3PfT9ZXaXVJ5wjXZa9vmXO>

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2024 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas de 12 e 15 de xullo de 2024, respectivamente, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 2º trimestre de 2024, que se expón a continuación:

**INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS
CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024**

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:



Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	6	3.628	12.048.198,90 €	5	52.600,37 €
Escola de Enfermería	15	4	5.363,56 €	1	2.374,02 €
Consortio Provincial	14	181	136.988,68 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	6	82	60.025,16 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	6	444	1.459.345,47 €	1	210,00 €
Escola de Enfermería	25	4	2.362,91 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	22	1	82,75 €	1	170,73 €
Consortio Deza e Tabeirós	12	12	2.316,87	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluir que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, durante o segundo trimestre de 2024.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o segundo trimestre de 2024.

15.8247.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/iy0gG3Zo9n5JodT3qW3n2YafLJ1BHpsXSP6PiH0ibNw8T8tH>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucions Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de xuño de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de xuño de 2024.

16.8248.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Y7ioJPeydtuiGubkrxW7dPrgBgvJD7M7OjaFJPOZGJo2EOLa>

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai algunha, respecto, non, a ver, do Grupo Socialista, pedíchesme dous a palabra, é un punto para



formular preguntas, nada de introducións nin antecedentes. Preguntas directas. Ten a palabra a voceira dona Ana Laura Iglesias.

Sra. González Iglesias.- Si, grazas, Presidente. ¿Que explicación dá este goberno a que o pasado 14 de xullo durante a entrega de agasallos dos homenaxeados pola Comisión de Festas de Alcabre, os detalles da Deputación de Pontevedra foron entregados por un militante do Partido Popular que non ten ningunha relación con esta institución?.

Sr. Presidente.- ¿Algunha pregunta máis? Ten a palabra Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Preguntar á Deputada de Infraestruturas se teñen algunha previsión de reforzar a sinalización horizontal, porque estamos recibindo moitas queixas de que nalgúns viais da Deputación a sinalización horizontal está borrada. Entón, queríamos saber se teñen algunha previsión, porque cremos que sería interesante abordala.

Sr. Presidente.- Vale, grazas. Última pregunta. Paco Ferreira, do Grupo Socialista.

Sr. Ferreira González.- Grazas Presidente. Mire, en relación á pregunta que lle fixen no pleno anterior que hoxe recibín resposta, ten vostede, pregunto ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta?

Sr. Ferreira González.- A iso ía. Vale, pero a realidade é que non hai...

Sr. Presidente.- Abra paréntese e peche.

Sr. Ferreira González.- Bueno, tranquilidade.

Sr. Presidente.- Mire, non é unha norma da casa que impuxeran os que están actualmente no goberno.

Sr. Ferreira González.- Bueno, ía a iso, ía a iso.

Sr. Presidente.- Sr. Paco, pregunta concreta, por favor.



Sr. Ferreira González.- En relación á contestación que recibín hoxe, para que sepa de que lle falo, ¿ten vostede probas de tales infames acusacións á Voceira deste Grupo Socialista?

Sr. Presidente.- Grazas. ¿Por parte do Bloque Nacionalista?. Eu creo que están todas contestadas. ¿Non?, se falta algunha, recoñezoo, pode ser por un despiste, non é de xeito voluntario, non, se contesta, gustará máis ou menos a resposta pero contéstase. Ben, moitas grazas e agradezo o ton cordial desta sesión e quedamos emprazados para o mes de setembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e trinta e catro minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 26 de xullo de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 26-xullo-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - b0f7650a4dc7477b491da34e04e6c87b01cc2e853ad052bd4d680e31fa78d82ab9cb3c9119055bb15d10748f3c5bb3116dc8b49aaf161a45a393ea1192a9788d xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=N2M0ZTZjN2EtZmQ0ZC00YmNmLTgxYzItNmIyZTg4ZTc3NDgw>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;
Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez,



- María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz; Remoto;
- 00:06:37 - López Diéguez, Luis
- 00:06:45 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 28 de xuño.
- 00:07:03 : 2. Delegación de competencias do Concello de A Guarda a favor da Deputación para desenvolver as facultades íntegras de xestión, inspección, liquidación e recadación de diversos ingresos de dereito público (Exptes. 2024049351-2024024594).
- 00:07:28 : 3. Aprobación da prórroga do contrato correspondente ao servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación (Exptes. 2024049143-2017040163).
- 00:07:56 : 4. Aprobación de reaxuste no financiamento do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación (Exptes. 2024049145-2024018619-2023001036).
- 00:08:20 : 5. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2024 (Exptes. 2024049146-2024048615).
- 00:08:33 - Cubela López, Jorge
- 00:11:21 - López Diéguez, Luis
- 00:11:27 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:16:37 - López Diéguez, Luis
- 00:17:04 : 6. Resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do expediente de modificación do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e aprobación definitiva do mesmo (Exptes. 2024049147-2024031956-2024028611).
- 00:17:32 : 7. Aprobación da “Addenda nº 2 para a adecuación financeira do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat” (Expte. 2021044958).
- 00:17:59 - Sánchez Méndez, Luisa
- 00:22:45 - López Diéguez, Luis
- 00:23:23 : 8. Modificación do prazo de execución do Plan de Sostibilidade Turística en Destino do “Deza, Tabeirós, Terra de Montes: os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Expte. 2021045415).
- 00:23:48 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE)



para volver a reclamar da Deputación solidariedade para acoller menores inmigrantes e aliviar a situación que se está a producir en Canarias (Expte. 2024049647).

- 00:24:04 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:27:31 - López Diéguez, Luis
00:27:45 - López Diéguez, Luis
00:27:54 - Bastos Míguez, María Sandra
00:32:55 - López Diéguez, Luis
00:33:02 - Bastos Míguez, María Sandra
00:33:09 - López Diéguez, Luis
00:33:25 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:36:30 - López Diéguez, Luis
00:36:34 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:36:38 - López Diéguez, Luis
00:36:53 - Bastos Míguez, María Sandra
00:39:56 - López Diéguez, Luis
00:40:01 - Bastos Míguez, María Sandra
00:40:12 - López Diéguez, Luis
00:40:19 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:42:21 - López Diéguez, Luis
00:43:13 : 10. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) relativa ao mantemento e bonificación do canon imposto aos concellos galegos adscritos a SOGAMA (Expte. 2024049660).
00:43:26 - Ferreira González, Paco
00:49:00 - López Diéguez, Luis
00:49:26 - Cubela López, Jorge
00:54:48 - López Diéguez, Luis
00:54:54 - Ferreira González, Paco
00:57:54 - López Diéguez, Luis
00:58:04 - Mosquera Lorenzo, César
01:01:05 - López Diéguez, Luis
01:01:12 - López Diéguez, Luis
01:01:49 - López Diéguez, Luis
01:01:51 : 11. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) sobre a necesidade de converter ao Teatro Cine Fraga nun espazo cultural público na cidade de Vigo (Expte. 2024049686).
01:02:11 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:07:13 - López Diéguez, Luis
01:07:17 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:07:25 - López Diéguez, Luis
01:07:33 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:12:40 - López Diéguez, Luis
01:13:04 - Sánchez Méndez, Luisa
01:17:53 - López Diéguez, Luis
01:18:13 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:21:14 - López Diéguez, Luis
01:21:35 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:24:02 - López Diéguez, Luis



- 01:24:08 - Sánchez Méndez, Luisa
01:25:03 - López Diéguez, Luis
01:25:15 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:27:18 - López Diéguez, Luis
01:30:00 : 12. Asuntos fóra da orde do día. B) Parte de información e control:
01:30:08 : 13. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2024 (Exptes. 2024049148 – 2024046507).
01:30:15 : 14. Dar conta do informe de Intervención sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2024 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (Exptes. 2024049149-2024047915).
01:30:34 : 15. Dar conta das Resolucións Presidenciais.
01:30:38 : 16.?? rogos e preguntas.
01:31:01 - Iglesias González, Ana Laura
01:31:21 - López Diéguez, Luis
01:31:25 - López Diéguez, Luis
01:31:29 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:31:43 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:31:46 - López Diéguez, Luis
01:31:54 - Ferreira González, Paco
01:32:00 - Ferreira González, Paco
01:32:03 - López Diéguez, Luis
01:32:31 - Ferreira González, Paco
01:32:43 - López Diéguez, Luis
01:32:51 - López Diéguez, Luis
01:34:20 : [FIN]

